

Unha cea de namorados

Don Coitelo dille a dona Culler
se quere ir comer,
dona Culler dille que si con firmeza
movendo a súa cabeza.

Foron comer a un restaurante
e sentaron na mesa máis elegante,
pediron a comida
mentres falaban da súa vida.

O camareiro tróuxolles un gran polo
e puxeron o pano no colo,
o tempo pasaba voando
mentres eles seguían falando.

Esa noite pasárono xenial
e os dous dicían: foi fenomenal!
Foi unha noite inolvidable,
chea de amor, graza e baile.

Adrián Arasa Mayo
1º ESO A

